

## O sindicato CUT consegue que a CRTVG corrixa as bases de cotización do seu persoal despois da denuncia pública de fraude á Seguridade Social



**Ambas as dúas partes acordaron este venres en Inspección de Traballo os criterios para regularizar as infracotizacións dos últimos cinco anos**

*Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2016.-* A Central Unitaria de Traballadoras e Traballadores alcanzou esta mañá coa dirección de recursos humanos da Corporación Radio-Televisión de Galicia un acordo que reconece en todos os seus termos as demandas desta central sindical sobre as irregularidades que lles custaron milleiros de euros ás traballadoras e traballadores do cadro de persoal.

Na xuntanza celebrada esta mañá baixo a supervisión da Inspección de Traballo (ITSS), a raíz da denuncia presentada pola CUT en setembro, aprobáronse os cinco criterios de restauración da legalidade que precipitarán a liquidación das cantidades debidas ao persoal nos próximos 6 meses, sen necesidade de reclamacións xudiciais.

Este pacto chega despois dunha intervención do Director Xeral en sede parlamentaria na que reconeceu unha débeda de 1.600.000 euros, declaración que posibilitou o inicio dunha serie de conversas entre denunciante e denunciada. Solúciónase así a infracotización detectada nas liquidacións da empresa coa Seguridade Social pola inobservancia do Real Decreto 8/2010 e outros incumprimentos, que provocaron unha merma nas cotizacións que nalgúns casos alcanzan os 600 euros mensuais, cun prexuízo directo sobre as prestacións do persoal, como maternidades, incapacidades temporais, xubilacións, pensións de orfandade, ou a propia prestación de desemprego.

### **Criterios de restauración da legalidade**

A través deste acordo a empresa reconece o dereito do persoal a manter as bases de cotización existentes en maio de 2010 en todos os supostos que contempla a lei, e comprométese a realizar as liquidacións complementarias non practicadas no seu día das persoas que viron a súa antigüidade reconecida por sentenza xudicial. Asimesmo devolveranse as contías da cota obreira indebidamente detraídas durante o 2015 nun intento fallido de regularización unilateral empresarial. A empresa comprométese tamén a un reconecemento certificado desa falta de cotización para que as

traballadoras e traballadores que viron mermadas as súas prestacións que hoxe por hoxe xa non cubre a Seguridade Social poidan reclamar a diferenza sen procesos xudiciais inútiles. Finalmente, daráselle igual trato ao persoal fixo que ao persoal das listas de contratación con concatenación de contratos, coa convicción ética e xurídica de que a temporalidade non pode ser baixo ningunha condición motivo de discriminación na cotización á seguridade social.

A partires deste recoñecemento, as traballadoras e traballadores que acceden ou accederon a prestacións neste período pasarán a cobrar estas conforme á legalidade, recuperando unha perda económica que repercutiu directamente na súa economía, e polo tanto, na súa calidade de vida.

Péchase así un ciclo de conflito onde as dúas partes, tras superar as difíciles probas dun pacto de difícil alcance, sumaron paciencia e razón para superar as diferenzas e acordar en favor da dignidade das traballadoras e traballadores, polo que saudamos todo o esforzo investido en chegar a acordos que favorecen unhas relacións laborais baseadas na confianza e a boa fé.